

Fermoso galano

Unha renda de memorias

MARGA ROMERO

Xosé Neira Vilas non só é o narrador que logrou transmitir nas súas novelas unha parte da historia do pobo galego que acontece alén das nosas fronteiras, aquel mesmo que nos agasalhou con fermosos personaxes para a memoria infantil como a marela taravela ou o espantallo amigo, ou tamén o poeta dende Gres que sabe da palabra precisa e terma do verso. Mesmo nas lembranzas do Lar, da Nai e do Pan, Neira Vilas é tamén un loábel cronista. Entre os traballos que del máis me marabillan están eses libros que nacen das conversas, da precisa necesidade de dar fe con testemuñas como *Guerrilleiros* ou *Galegos no Golfo de México*, da investigación longa e meditada para deixarnos en herdanza a Memoria da Emigración e as Crónicas Galegas de América. Comprometido con todos os países e lugares que habitou, leva xa algo máis de vinte anos retornando, título da súa primeira entrega memorialística.

Presenza galega en Cuba, dedicado á memoria da súa compañeira de vida Anisia Miranda, técese con eses retallos de memoria, de acontecementos pequenos ou vidas que dan luz e, pola contra, tantas veces, asentan na sombra da historia documentada en anuarios. Este libro comeza asegurando a presenza de mariñeiros galegos nas viaxes de Colón ao Novo Mundo, o nome do tudense Sebastián de Ocampo é o primeiro que se nos dá, xa que en 1509 verifica a insularidade de Cuba, e van seguir moitos máis nomes e acontecementos, breves “lembranzas”, para esta crónica do labor realizado por galegos e galegas en Cuba ao longo dos séculos. Dáse conta da presenza de galegos que se incorporaron ao exercito libera-

dor, como o xeneral Mambí, Francisco Villamil. Galegos que durante o século XX reivindicaron os dereitos dos obreiros ou dos mariñeiros como sindicalistas e que foron eliminados polas autoridades como Claudio Bouzón ou Manuel Pardo da Pena; galegas que

apoiaron a revolución de Fidel Castro, como Josefa Yáñez, María Araújo, Josefa Gallego e Josefa Baltar. En Cuba ondeou por vez primeira a bandeira, cantouse o himno e naceu a Real Academia, publicáronse libros en galego como *Follas Novas* ou *No desterro*, naceu o primeiro xornal galego en América e o primeiro en galego; no 2008 Galicia foi país invitado na Feira do Libro. Nas entrañas da illa fica a pegada da lingua, da pintura galega, da música, da ciencia, do ensino. A memoria entrañábel de personaxes insólitos como El Caballero de París, Fuco Gómez ou Creto Gangá. De Rosalía e de Castela. Está o cemiterio máis galego do mundo, ideado por Calixto Loira, quen tivo a fortuna de ser o primeiro enterrado. Un libro que todo o mundo merece como galano.

NEIRA VILAS, Xosé, *Presenza galega en Cuba*, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP.16 €

